

**profesionaliza a túa lingua** construcción naval

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**CONSTRUCCIÓN NAVAL**

Autor
**Iván Méndez López**

Edita
Servizo de Normalización Lingüística
Universidade da Coruña 2006
ISBN: 84-9749-224-2

abanicar **abanear~abalar**
Mover un guindastre en círculos ou arcos horizontais.

abanico **pluma de carga, cabria**
Aparello capaz de erguer grandes pesos.

abarloarse **abarloar**
1. Situar unha embarcación en paralelo e co costado moi próximo a outra ou ao peirao de xeito que só quedan separadas polas defensas. 2. Chocar unha embarcación con outra.

abalizar **balizar**
Sinalar con balizas como advertencia dun perigo.

abatimiento **abatemento**
1. Derivación no rumbo dun barco cara a sotavento provocado polo efecto do vento. 2. Valor do ángulo formado polo rumbo real e o rumbo aparente.

abatir **abater**
Separarse unha nave cara a sotavento do rumbo.

**abicar**
Determinar marcas de orientación no mar coa axuda das estrelas e dos accidentes xeográficos.

abocardar véxase **abucinar**

abocinar **abucinar**
Dar forma de bucina á boca dun cano ou tubo. **Abucinador:** aparello que dá forma de bucina.

abordar/abordaje **abordar/abordaxe** (f)
1. Achegar unha embarcación a outra até tocala. 2. Chegar unha embarcación a porto.

acanaladura **acanaladura~estría**
Estría ou suco lonxitudinal de perfil semicircular ou case semicircular.

acería **fábrica de aceiro, fundición**
Taller de fabricación de aceiro.

**acalumar**
Afondar, ir para o fondo algo, como por exemplo unha boia.

acollar **calafatear~estopar**
Tapar con estopa e brea as táboas dos barcos para impedir que entre a auga.

achicar **achicar~baldeirar~desaugar**
Baldeirar a auga dun lugar que quedou anegado.

achicador **achicadoiro, tangarte, briol**
Pa con que se saca a auga dunha embarcación menor.

adriza **driza**
Corda empregada para izar as velas e as bandeiras.

adrizar **adrizar~enderezar**
Pór dereito un barco, estabilizar.

agrietamiento **gretado**
Presentación de fendas ou gretas nunha superficie.

aguada **augada**
1.Cantidade de auga potábel que leva un barco. 2. Lugar onde un barco pode proverse de auga.

aguja **agulla**
1. Compás. 2. Cada unha das pezas sobre as que xiran as porcas do temón. **Agulla xiroscópica:** Instrumento

de orientación que se basea nas propiedades do xiroscopio.

aislamiento **illamento**
Conxunto de materias que impiden a propagación dun fenómeno físico.

alargamiento **alargamento**
Magnitude da deformidade permanente por extensión.

alefriz **alefriz**
Fisura que se realiza na parte dianteira das madeiras para encaixar as táboas dos costados dos navíos.

aleta (popa) **aleta (de estribor - de babor)**
1.Cada unha das pezas de madeira que constitúen a última caderna de popa. 2. Parte do barco comprendida entre 10 e 14 cuartas (aletas de estribor) e entre as 18 e 22 cuartas (aletas de babor). 3. Cada un dos costados da embarcación inmediatos ao reviro de popa. **Aleta estabilizadora:** cada unha das pezas que sobresaen desde o comezo até a alzada do pantoque.

aligeramiento **alixeiramento**
Acción e efecto de alixeirar.

alimentador **alimentador**
Troncos de carga nas bodegas dos buques.

aljibe **alxibe**
Buque destinado ao transporte de líquidos, nomeadamente auga.

alomada ~alomar **alombamento~alombar**
Adoptar forma curva.

alteroso **alto**
Buque moi elevado nas súas obras mortas.

alunamiento **aluamento**
Curva que forma a parte interior das velas da gávea para evitar que rocen.

amadrinar **xuntar, reforzar**
Unir dúas cousas co obxecto de reforzar unha delas ou aumentar a súa eficacia.

amarradero **amarradoira, puntos de amarrada**
Sitio destinado a amarrar unha embarcación.

amarra **amarra**
Clase de cabos, cadeas e cables metálicos usados para o amarre dunha embarcación. 2 **Amarra de popa** (tirada desde popa). 3. **Amarra de proa** (tirada desde proa).

amarre **amarre/amarradura**
Acción e efecto de amarrar.

amortiguador **amortecedor**
Dispositivo empregado para evitar as perturbacións que se producen nas máquinas eléctricas.

amura **amura**
1. Parte do costado dun navío, por onde comeza a ser máis estreito. 2. Anchura do barco situada na oitava parte da súa eslora a partir da proa. 3. Cabo suxeito a cada un dos puños baixos das velas de cruz e que serven para amarralas ou modificar a súa posición. **Puño de amura:** puño formado pola intersección do bordo superior e o bordo inferior da vela. **Mirar pola amura:** ver algo cunha marcación duns 45º (de estribor) ou 315º (de babor).

amurada **amurada**
1. Prolongación do costado dunha embarcación polo seu costado. 2. Parte superior de cada lado dunha embarcación pola súa parte interior.

amurar **amurar**
Levar cara a barlovento o puño dunha vela e amarrala ao costado do barco coa amura.

ancla **áncora**
Aparello de ferro que se crava no fondo do mar para asegurar unha embarcación. **Abater a áncora:** colocar a áncora máis lonxe do que estaba en relación ao vento e ás mareas. **Botar a:** embarrar a embarcación. **Deitar a:** lanzar a áncora ao mar. **Estar á:** estar fondeada unha embarcación. **Levar/subir/levantar:** recoller as áncoras.

anclaje **ancoraxe** (f)
1. Acción de ancorar. 2. Lugar adecuado para ancorar. 3. Imposición municipal que tiñan que pagar os navíos para fondear nos portos.

**ancorel**
Pedra que vai pendurada nas boias para que non se poida mover no mar.

ancladero **ancoradoiro**
Lugar na costa para fondear as embarcacións.

anclote **rizón**
Áncora pequena.

**andana**
1. Serie de ondas que chegan xuntas. 2. Conxunto de barcos.

aparadura **aparadura**
Peza de madeira que protexe as quillas das embarcacións.

aparejar **aparellar**
Abastecer o barco cos aparellos necesarios.

aparejo **aparello**
1. Conxunto de arboradura, cordames e velames dun barco que serve para o empurrar coa forza do vento. 2. Cada unha das diferentes máquinas formadas por combinacións de poleas dun cabo que traballa polas súas roldanas, empregadas para vencer grandes resistencias. 3 Conxuntos de utensilios para pescar.

apilar **amorear, aparello amoreador**
Aparello que se emprega para amorear as cargas dun buque.

aplastamiento **esmagadura, esmagado**
Unha proba de esmagado é a que se fai coas barras que se destinan á fabricación de remaches que consiste en esmagar un extremo até que adquira un diámetro determinado.

apuntalar **apuntalar**
Pór puntais a un barco nun dique de construcións. Apuntalamento: acción de apuntalar.

araña **araña**
Conxunto de cabos ou cordas que saen dun mesmo punto en direccións diverxentes. 2. Peza de madeira que evita que se enrede a vela cos cabos que gornecen os paus.

arboladura **arboradura**
Conxunto de paus ou mastros dunha embarcación.

arbolar **arborar**
1. Dotar de mastros unha embarcación. 2. Alzar unha cousa, especialmente unha bandeira. 3. Pór verticais os remos para saudar.

arbol **árbore**
Cada un dos paus fixados verticalmente que sosteñen as velas. **Árbore mestra:** o pau máis alto dunha embarcación.

arbotante **arcobotante (de bucina, de hélice)**
Soporte de aceiro que sostén a parte final da árbore da hélice.

arfada **arfada**
Cabeceo dunha embarcación.

arfar **arfar**
Levantar a proa dun buque por efecto do mar.

arganeo **arganeo**
Argola de ferro situada no extremo superior da cana da áncora.

armador **armador**
Persoa ou sociedade que se dedica á explotación dunha ou varias embarcacións.

armamento **armamento**
1. Acción de armar un barco. 2. Fase final da construción dun barco, comprendida entre a botadura e a entrega aos propietarios. 3.Conxunto de efectos que teñen como finalidade armar un barco.

armar **armar**
Abastecer de todo o necesario a un barco. Sinónimo de aparellar.

arqueo **arqueo**
1. Acción de medir un barco. 2. Volume e capacidade dun navío. **Certificado de arqueo:** documento en que constan as principais características dun navío.

arraigado **arraigamento**
Extremo de todo cabo feito firme en calquera parte.

arranchar a**rranxar**
Pór en orde os efectos e as cousas que están en desorde.

arrastre **arrastre**
Arte de pesca que consiste en tirar da rede, arrastrándoa.

arriar **arriar**
1. Facer baixar as velas ou as bandeiras que estaban izadas ou despregadas. 2. Afrouxar ou soltar un aparello, cabo, liña ou cadea.

arribada **arribada**
Fondeadoiro dunha embarcación nun lugar distinto do habitual para evitar un perigo e outras necesidades.

arriostrar **riostar**
Ligar dous elementos por dúas riostas, por pezas que impidan o seu movemento.

arrizar **arrizar**
Tomar os rizos das velas. Suspender calquera cousa.

arrufo **arrufe**
Curvatura de liñas dunha embarcación.

asiento **asento**
O maior calado de popa dun buque sobre a súa flotación.

asta **hasta**
Pau longo e delgado que se emprega para suxeitar algo.

astilla muerta **hasta morta**
Elevación da caderna sobre o plano da quilla medida á metade da súa manga.

atracadero **atracadoiro, peirao de atracada**
Lugar onde, sen perigo, poden atracar as embarcacións.

atracar **atracar**
Chegar a terra unha embarcación.

atraque **atracada**
Acción de atracar unha embarcación.

atunero **atuneiro**
Barco destinado á pesca do atún.

aviar **aviar**
Dispor dun xeito ordenado algunha cousa para operar con ela posteriormente.

axiómetro **axiómetro**
Aparello que serve para medir o ángulo que forma a pa do temón coa dirección da quilla.

azorcar **apertar**
Apertar cun nó unha peza.

azuela **aixola**
Ferramenta que consta dunha coitela recta ou curva unida perpendicularmente a un mango para labrar e desbastar a madeira.

babor **babor**
Parte esquerda da embarcación.

badano **formón**
Ferramenta que empregan os carpinteiros semellante ao escoupro, mais cunha folla máis longa.

balance **balance, balanceo, bambeo**
Cada unha das inclinacións e do movemento alternativo dun buque.

**balanceira**
Cadro de madeira que se sitúa sobre a mesa da cámara do buque que serve para evitar que os obxectos arrolen a causa do balanceo.

balandra **balandra**
Veleiro dun só pau e con velas de coitelo, con cuberta, que se empregaba antigamente para pesca e o transporte da cabotaxe.

balandro **balandro**
Balandra pequena. 1. Embarcación construída para as regatas. 2. Embarcación costeira de pequenas dimensións e aparellada de proa a popa cun só mastro e un bauprés fixo.

balde **balde, caldeiro,baldeira, tina, tinalla**
Recipiente de forma cilíndrica que se emprega para transportar auga.

baldear **baldear (a cuberta)**
Limpara unha superficie arroxando baldes de auga.

baliza **baliza**
Sinal que advirte dun perigo ou dunha rede no mar, ou que marca as características dunha zona pola que se navega.**Balizamento:** sinalización de perigos por

medio de balizas. balizar: sinalar un lugar con balizas.

ballenero **baleeiro**
1. Barco empregado para a pesca de baleas. 2. Barco medieval empregado para a piratarία.

ballestrinque **ballestrinque**
Nó mariñeiro feito con dúas voltas de cabo indicado para asegurar unha amarra a unha bita ou a un pau.

bancada **bancada**
1. Conxunto de bancos feitos de táboas traveseiras nos botes e que serven de asento.

bandazo **bandazo**
Movemento brusco dunha embarcación.

**banzo**
Cada un dos largueiros que soporta ou asegura calquera armazón.

bao **vao**
Viga transversal, lixeiramente arqueada, que sostén a cuberta dunha embarcación. **Vao cartelado:** vaos de altura decrecente desde a consola até o zapón. **Vaos de aire:** os que se poñen nas bodegas dalgúns buques para lle dar máis apoio. **Vao de zapón:** frontais no burato do zapón que van de banda a banda. **Vao falso:** que se pode quitar con facilidade. **Vao principal:** o vao maior dun buque. **Vaos reforzados:** son de maior altura que os normais que unidos cos puntais e as esloras forman a estrutura principal de soporte das cubertas.

barbotén **barboten**
Roda de caderna en forma de estrela con dentes e con buratos para que traballe por ela a cadea da áncora e por medio da que se eleva.

barca **barca**
Embarcación de pequena dimensión.

barcaza **barcaza**
Embarcación de dimensións variábeis que se emprega para a carga e descarga de barcos.

barloa **barloa**
Cabo con que se suxeitan os buques abarloados.

barlovento **barlovento**
Lado da embarcación onde sopra o vento. **Barloventadora:** embarcación que barloventea ben. **Barloventar:** navegar conseguindo dirixir o rumbo cara ao fío do vento, na amura.

**barlote**
Embarcación de vela e temón xa desaparecida.

barra **barra**
Vara que serve para virar o cabrestante a man.

barraganete **barraganete**
Cada unha das partes superiores da caderna que sobresaen da caderna da embarcación.

barretas **barretas**
Aparello que se arma por debaixo dun buque que está na bancada.

basada **base**
Aparello que se arma por debaixo dun buque que está nunha bancada para encher o burato entre a carena e os rolos.

base **base**
Distancia comprendida entre as dúas aliñacións que

determinan a milla medida.

**bastarda**
Aplícase ao pequeno cabo que enfía os cabos do colar da raca.

batea **batea**
1. Embarcación plana que se emprega en ríos e en zonas portuarias para o trasporte de mercadorías. 2. Construción que se emprega para a cría de mexillón.

bauprés **bauprés, guruprés**
Pau situado na proa dos grandes veleiros e que serve para suxeitar nel os foques e os estais do trinque.

bergantín **bergantín**
1. Embarcación de dous paus e velas cuadrangulares ou redondas. 2. Tipo de buque de guerra que na primeira metade do século XIX deu paso á construción de fragatas de hélice. 3. **Bergantín goleta:** navío de vela que arboraba dous ou máis paus.

vesar **bicar**
Bater unha cousa contra outra.

bichero **bicheiro**
Raño ou vara que empregan as embarcacións para atracar e desatracar e suxeitar as embarcacións menores.

biela **biela**
Peza ríxida que nas máquinas alternativas e motores serve para transformar o movemento de vai e vén noutro de rotación.

bita **bita**
Poste de madeira, ferro ou aceiro asegurado á cuberta ou no peirao que se emprega para amarrar o cabo da áncora, unha cadea ou un cabo, ou para soltalos máis lentamente cando fondea. **Bita de cruz:** bita con esta forma. **Bitadura:** parte da cadea da áncora que vai estendida sobre a cuberta para poder soltar libremente no momento de ancorar.

bitácora **bitácora**
Caixa de latón ou de madeira que contén as agullas de bitácora na parte superior e na parte inferior os imáns correctores de desviación. **Agulla de bitácora:** agulla náutica con imáns e esferas compensadoras da desviación magnética. **Caderno de bitácora:** libro de abordo que leva o temoeiro en que se anota a dirección e a forza do vento, o estado do mar, o rumbo e a hora.

bocina **bucina**
Tubo de sección con superficie terminais de áreas diferentes que se destina a encaixar correctamente unha membrana vibrante de superficie pequeno ao aire ambiente.

Vogar **vogar, remar**
Impulsar unha embarcación cos remos, remar.

bolardo **morrón**
Peza de ferro onde se amarran os cabos dunha embarcación cando se atraca.

**bolina**
1. Cabo que serve para halar cara á proa a relinga de caída de barlovento das velas cadradas. 2. Cada un dos pequenos cabos que forman a araña e se empregan para soster o chinchorro.

bomba **bomba**
Aparello que se destina a provocar o movemento dun fluído ao longo dun conduto. **Bomba de achicar:** permite quitar a auga de calquera sitio. **Bomba de**

**aire:** extrae o aire e o vapor da caldeira da máquina de vapor. **De alimentación:** introduce a auga nas caldeiras de vapor. **De lastrar:** baleirar, encher e transvasar da auga de lastre. **De sentina:** bomba de augas sucias que se destina a extraer e esgotar as sentinas do buque.

borda **borda**
Varanda de cada un dos costados do buque.

borde **bordo**
Costado dun buque desde a auga até a borda.

bordón **bordón**
Cada un dos costais que forman as patas anteriores dunha cabria.

**bordada**
Camiño percorrido por un barco entre dúas viradas cando polo feito de ter vento de proa, ten que navegar de bolina, escorándose, a babor ou a estribor da ruta que non pode seguir directamente.

bornear **xirar, torcer, curvar**
Xirar o buque sobre as amarras.

botadura **botadura**
Acción de botar un buque.

botar **botar**
Pór na auga unha embarcación nova.

botalón **botaló**
1. Percha redonda que serve para aguantar as ás ou o foque. 2.Percha que nace na cuberta ou no costado e serve para amarrar embarcacións menores.

botavara **botavara**
1. Pau inferior dunha vela cangrexa ou marconi. 2. botaló de popa das barcas medianas con respecto a pau do medio.

bote **bote**
1. Embarcación de tamaño pequeno con remos. 2. Embarcación de até 8 metros de eslora que ten quilla e fondo redondo. **Bote de xávega:** bote que se emprega como auxiliar dunha lancha para a pesca con xávega.

**bou**
Embarcación que se dedica á pesca con bou. 2. Arte de pesca de arrastre.

**bourel**
Elemento flotante composto de cortizas unidas que impide que as redes afundan.

bovedilla **bovedilla**
Parte arqueada da popa dos buques desde a engra principal até a segunda cuberta.

boya (de amarre) **boia**
Corpo flotante suxeito a un cabo, unha cadea ou un cable que se fixa polo outro extremo ao fondo en e que serve de marca. **Boia de amarrada:** boia de grandes dimensións que indica a existencia dun morto para amarrar alí buques.

boyante **boiante**
Buque con menos calado que o normal.

boza **boza** (dianteira, traseira)
Cadea ou anaco de cabo suxeito e firme a un lugar da cuberta de popa.

**braga**
Cabo

**bragada**
Cabo que mantén unida unha embarcación á rede que soltou.

**bragueiro**
Cabo que suxeita o temón dunha embarcación.

braza **braza**
Medida que equivale a 1,6718 metros (medida española) e 1,8287 (medida inglesa)

brazola **brazola**
Zócalos lonxitudinais das aberturas dos zapóns sobre a cuberta, que serve para impedir a entrada de auga e como soporte dos seus pechos.

brick **brickbarca**
Buque de vela de tres paus ademais do bauprés.

Brida **brida**
Correa, corda ou tira de meta que une diferentes pezas entre si.

**briol**
Obxecto de madeira con forma de cazo que se emprega nas pequenas embarcacións para achicar a auga. 2. Cada un dos cabos que serven para cargar unha vela e despois aferrala máis facilmente.

buque **buque**
Embarcación de gran tonelaxe. **Buque alxibe:** buque dedicado ao transporte de líquidos, nomeadamente auga. **Buque de altura:** aquel que se destina á pesca de altura. **Buque anfídromo:** de dúas popas, para navegar en ambos os sentidos. **Buque baleeiro:** o que se destina á pesca de baleas. **Buque carboeiro:** o que se dedica ao transporte de carbón. **Buque de carga:** tamén se coñece como cargueiro, aquel que se destina á carga en xeral. **Buque cerrado de boca:** aquel que desde un certo punto de flotación ten os costados metidos para dentro. **Buque de guerra. Buque de hélice. Buque mercante. Buque polivalente:** buque preparado para o transporte de varias cargas. **Buque petroleiro:** o que se dedica ao transporte de petróleo. **Buque de servizo**: o que se dedica ao servizo dun outro maior. **Buque transbordador:** ten como misión o transporte de mercadorías e ou persoas a curta distancia e de xeito regular (ferry). **Buque de vapor:** que ten por tracción a foza do vapor. **Buque de vela:** emprega a tracción do vento. **Buque de vixilancia:** dedícase á vixilancia das costas.

burda **burda**
Cada un dos cabos que baixa desde o alto dos mastros e se finca na borda.

buzarda **buzarda**
Cartabón que se une á roda e aos palmexares até as primeiras cadernas que serve para consolidar a estrutura de proa.



cabecear, cabezada **cabecear, cabezada**
Alzar e baixar alternativamente a popa e a proa dun barco.

cabezada **cabezada**
Acción de afundirse bruscamente na auga a proa dunha nave.

cavilla **cavilla**
Pau de madeira torneada que se coloca no cavilleiro e que serve para amarrar os cabos de manobra.

cabilleros **cavilleiro**
Táboa en que se meten as cavillas para amarrar os cabos.

cablero **cableiro**
Barco para a instalación de cables submarinos.

cable **cable**
Cabo groso que se emprega para asegurar a embarcación á áncora.

cabo **cabo**
Corda ou arame que se emprega a bordo dunha embarcación. **Cabo de boia:** cabo que arría un barco ao peirao. **Cabo de popa:** cabo que arría un barco desde a popa que se destina a amarrar. **Cabo de proa:** cabo desde a proa que se destina a amarrar.

cabotaje **cabotaxe** (f)
Navegación que se fai de porto a porto seguindo a costa.

**cabra**
Cabeza de oito ou nove mallas da arte de pesca con veta.

cabrestante **cabrestante**
Torno de tracción de tambor vertical que mantén enroladas dúas ou tres voltas de cable para arrastrar ou elevar cargas.

cabria **cabria**
Aparello capaz de erguer grandes pesos, empregado na construción e nos portos para cargar e descargar pesos elevados.

cabullería **enxarcia**
Conxunto de cabos dun buque.

**cacea, cacear**
Arte de pesca que se practica cun aparello formado por unha liña provista dun ou varios anzois que se arrastra pola popa da embarcación.

cadena **cadea**
Conxunto de elos metálicos con que se une a áncora á embarcación

**cadeneta**
1. Parte máis tupida da malla da rede de pesca. 2. Tira de rede que reforza o bordo superior dunha rede de pesca.

**cadoira**
1. Burato de quilla dunha embarcación por onde desauga. 2. Tapón de cortiza ou de madeira co que se tapa o burato.

cuadro de mandos **cadro de mandos**
Conxunto de indicadores e de instrumentos dispostos á vista do piloto.

caída **caída**
1. Inclinación dos paus dun barco medida pola distancia horizontal entre o pé do pau e a vertical do exterior superior. 2. Cada un dos lados das velas que vén de arriba cara a abaixo.

**caique**
Embarcación lixeira de remos que se emprega no Bósforo 2. Embarcación de pesca de cabotaxe, de casco moi robusto e de pouco calado, que arbora un pau ou dous ademais do bauprés, e é propia do Mediterráneo oriental. 3. Embarcación de aproximadamente 12 metros que se emprega na costa do Algarve.

caja de cadenas **caixa de cadeas**
Onde se garda a cadea da áncora.

cajero **caixa**
Recinto onde entran os barcos para a súa reparación.

cala **cala**
Cabo de gran grosor.

calabrote **calabrote**
Cabo moi groso de tres cordas.

calada **calada**
1. Xornada de traballo no mar. 2. Cantidade de peixe capturado nunha marea. 3. Acción de calar un aparello no mar (tamén calamento)

calado **calado**
1. Distancia entre a superficie e o fondo dunha masa de auga. 2. Medida da parte somerxida dunha embarcación.

caladero **caladoiro**
Lugar onde a actividade pesqueira se considera produtiva.

calafate, calafatear **calafate, calafatear, calafateo**
Tapar con estopa ou brea as táboas dos barcos para impedir que entre a auga. **Calafateo:** operación propia da construción e do mantemento dos barcos de madeira.

calar **calar**
1. Facer que unha embarcación alcance máis ou menos a profundidade. 2. Facer baixar unha vela ou unha corda ao longo dun mastro por medio dun anel que os guía no seu movemento.

calcés **calcés**
Parte alta dun mastro comprendida entre a gabia e o tamborete.

**calime**
Táboa interior de cada un dos costados da dorna.
**Dorna de calime:** dorna profunda.

calma **calmazo**
Estado do mar cando non hai vento nin ondas. Tamén se coñece como calmeiro ou calma.

calmado **calmado**
O aceiro calmado é o que presenta só unha lixeira evolución de gases durante a súa solidificación.

**calón**
1. Peza de madeira que mantén estendido o aparello e que serve de empalme entre a rede de cerco a a corda de tiro. 2. Pano en que se localiza na rede da arte de xávega. 3. Rebenque en que se suxeita toda a altura das dúas pernas do trabuquete.

calzo **calzo**
1. Soporte de madeira que ten a misión de soportar un bote sobre a cuberta dun buque. 2. Taco de madeira que serve de base para asentar o motor dunha embarcación.

Cama de construcción **Cama de construción**
Conxunto de soportes para que descanse o barco durante a súa construción ou varada.

Cama de lanzamineto **Cama de lanzamento**
A estrutura do conxunto disposta para o lanzamento do buque.

cámara **cámara**
Compartimento que está destinado a un obxecto específico. Cámara de máquinas, cámara de caldeiras.

camareta **camareta**
1. Cámara pequena dun barco que se emprega como comedor. 2. Nos barcos de guerra, é o compartimento onde se aloxan os oficiais da mariña.

camarote **camarote**
Cuarto dun barco destinado a dormitorio dos tripulantes.

camellos **camelo**
Aparello usado para alzar os navíos co fin de diminuír o seu calado.

camisa **camisa**
1. Tubo de metal que forma o recubrimento interior dos canóns. 2. Revestimento metálico que se coloca no interior dun espazo oco para aumentar a súa resistencia. 3. Revestimento tubular disposto no interior do cilindro que fai de superficie para que escorregue o pistón.

canal **canal, canle**
Vía que se abre á navegación grazas a traballos de dragado. Parte máis profunda e limpa dun porto ou dunha ría pola que entran e saen as embarcacións. **Canle de navegación:** interrupción do cinto coralino dun atol que permite o paso entre o lago e o mar aberto.

canal de trancanil **canle de trancanil**
Formado polos ángulos do trancanil e que verten as augas da cuberta e en cuxo plano van os embornais.

cáncamo **cáncamo**
Argola de metal suxeita na superficie dunha embarcación de que se amarran cabos ou aparellos.

**cangrexeira**
Rede de arrastre que serve para capturar cangrexos.

canoa **canoa**
Embarcación lixeira de forma alongada e apuntada na proa e na popa, que non ten temón, quilla e vela.

canto **canto**
Aresta dun ángulo que forman dúas caras continuas dun obxecto poliédrico.

caña **cana**
Parte da áncora que está comprendida entre a argola e a cruz. 2. Parte dun remo que está entre o guión e a pa. **Cana do temón:** elemento feito de madeira ou de metal de forma alongada e delgada que serve para facer xirar o temón. **Canas de moco:** parellas de cabos que parten dun extremo interior do moco e se insiren un en cada lado da roda de proa e serven para reforzala.

capear **capear**
Estar ou aguantar á capa, mantendo a embarcación parada para conseguir unha maior seguranza do barco en situacións de temporal ou adversas.

capa **capa**
Modo de navegación en que a nave está practicamente parada.

cara **cara, face**
Cada unha das superficies dunha cousa en forma de lámina. Face: cada unha das superficies dunha obra.

carbonero **carboeiro**
Barco destinado ao transporte de carbón.

carabela **carabela**
Embarcación de orixe portuguesa empregada para a navegación entre os séculos XIV e XVII.

**cárabo**
Embarcación menor de pesca co casco en forma de U, sen paus, cuberta nin corredor, propulsada a remo ou a vela que se empregaba moito no norte de América.

**carallete**
Anaco de corda usado nalgunhas artes de pesca que se ata no peche do cinto para levar a rede á terra.

caramuzal **caramuzal**
Buque mercante de forma alongada empregado en Turquía.

carena **carena**
Parte somerxida dun buque ou dunha embarcación. **Carena líquida:** líquido que ten liberdade para moverse no interior dun barco. **Centro de carena:** centro de gravidade da parte somerxida dun barco.

**carenar**
Reparar o casco dunha embarcación. **Carenada:** acción de carenar.

carga **carga**
Acción e efecto de cargar. **Carga máxima:** carga límite que pode transportar un barco.

cargamento **cargamento, cargadeiro**
Conxunto de mercadorías que transporta un barco. **Cargadeiro:** lugar apropiado para atracar as embarcacións e cargar ou descargar mercadoras.

carguero **cargueiro**
Barco que se destina ao transporte de mercadorías.

carlinga **carlinga**
Peza de madeira plana que serve como base para encaixar os mastros dos barcos.

carraca **carraca**
Buque de gran tonelaxe que a partir do século XIII se destinou ao transporte de tropas.

carrete **carrete**
Anaco pequeno de cano con dúas bridas nos seu estremo que se emprega como peza de asentados de válvulas e de accesorios.

carretel **carretel**
1. Cilindro concéntrico que leva dúas rodas metálicas nos extremos que serve para envolver os cables de amarre. 2. Cilindro máis pequeno de madeira onde se envolve a corredoira.

carretilla **carretilla**
Vehículo que se emprega para o transporte de materiais.

carta **carta** (mariña, de marear, náutica de navegación)
Mapa destinado principalmente aos navegantes en que se describe a costa, a localización dos elementos perigosos para a navegación e que ofrece referencias do fondo mariño e dos sinais que poden servir de guía para bordear a costa ou entrar nun porto.

cartabón **cartabón**
Instrumento de madeira ou metálico en forma de triángulo rectángulo escaleno.

cartela **cartela**
Elemento construtivo de chapa, cadrado ou romboidal que se emprega co mesmo obxecto que o cartabón.

cárter **cárter**
Caixa metálica que protexe o mecanismo dalgúns motores.

casco **casco**
Corpo dunha embarcación, sen máquinas nin superestruturas. **Monocasco:** embarcación que só ten un casco.

casquillo **casco**
Peza corta angular que está firme nunha outra para formar un obxecto ou un tope.

castañuela **castañola**
Peza plana que se fixa a calquera elemento do buque, cunha gorxa paralela á superficie do asento, semellante a media cornamusa e serve para o paso ou o amarre do cabo e a fixación dos elementos.

castillo **castelo** (castelo de proa)
Parte da cuberta principal dun barco entre o trinquete e a roda.

cata **cata, proba**
Orificio que se fai nun elemento inaccesible ao seu interior para comprobar o seu estado ou espesor.

catamarán **catamarán**
1. Balsa de tres corpos construída en madeira. 2. Embarcación deportiva formada por dous cascos estreitos unidos en paralelo a unha plataforma.

cayuco **caiuco**
Bote de remos sen quilla, feito dunha peza dunha árbore e para unha soa persoa. Tamén botes de pesca menores que son empregados polos emigrantes que chegan por mar á España.

cazar **cazar**
Recoller e suxeitar os cabos das velas para que reciban máis vento.

**cedazo**
Aparello de grandes dimensións que se emprega para a pesca do cerco da sardiña.

cenefa **cenefa, orla, greca**
Tira que protexe a amurada da ponte.

cepo **cepo**
1. Tira de ferro ou peza de madeira que está colocada perpendicularmente á cana preto do arganeo, na áncora do tipo almirantado ou de cepo. 2. Pau chantado na cuberta dunha embarcación para amarrar o capo con que se remolca unha outra embarcación.

cerco **cerco**
Antiga arte de pesca que empregaba unha gran rede para a captura do peixe. **Cerco conxelador:** embarcación que combina artes de cerco e grandes cámaras frigoríficas e que se dedica á captura de túnidos sen se establecer nun caladoiro.

cerrar **cerrar**
1. Virar unha embarcación até colocarse na dirección exacta para enfilar o rumbo. 2. Reducir as distancias, tanto angulares como lineais.

Chalana **chalana**
Embarcación de pequeno tamaño, de proa aguzada e popa rectangular ou de espello cuberta, xeralmente con remos aínda que tamén pode levar motor.

chapa fina **chapa fina**
Chapa fabricada con follas delgadas.

chapado **chapa**
Aceiro cuberto de láminas protectoras.

chapas de choque **chapas de choque**

chapeado **chapado**
Acción de gornecer algo con chapas.

chicote **chicote**
1. Extremo ou anaco dunha corda ou dun cabo. 2. Cabo con que se arrastran algunhas redes.

chimenea **cheminea**
Conduto que dirixe o fume cara ao exterior.

chinchorro **chinchorro**
1. Bote de remos pequeno que pode ir a bordo dunha embarcación maior que se emprega para o servizo auxiliar nos portos. 2. Rede de pesca semellante á xávega e que se emprega nas rías e nas enseadas para pescar.

**chona**
1. Convenio entre mariñeiros polo que se establece cal é a parte que lle corresponde a cada un en diñeiro ou en especie, tendo en conta a captura do peixe. 2. Bolsa de rede en que se mete o quiñón.

**chopa**
Especie de caseta que está situada na popa dalgunhas embarcacións e que serve para gardar utensilios, aparellos e demais cousas.

**choupeta**
1. Parte da proa e da popa para sentar das chalanas. 2. Táboa que leva a chalana nos asentos de proa e de popa.

chumacera **chumaceira**
Táboa de madeira pequena que se coloca no bordo das embarcacións e que serve para chantar o tolete.

**chumbeira**
Rede de pesca circular con chumbos ao redor que se emprega para pescar en lugares poucos profundos. Tamén se coñece como esparavel.

**chumbeiro**
1. Peza ou conxunto de pezas que serven para manter afundidas as redes. 2. Obxecto pesado que se ata nunha corda para saber a profundidade dun lugar.

chupeta **chupeta**
Abrigo que algunhas embarcacións teñen na súa parte de proa.

ciaboga **ceavoga**
Xirar un bote sobre o seu eixo vertical polo efecto de vogar avante os remos dunha banda e cear os da outra.

ciar **cear**
Remar cara a atrás, nomeadamente ao facer ceavoga.

cigüeña **cegoña**
Conxunto do botón da manivela, as guitarras e o eixo de cegoñal.

cigüeñal **cegoñal**
Árbore de transmisión de forza que transforma os movementos alternativos en movementos de rotación ou á inversa, e fai de manivela no conxunto biela-manivela.

ciego **tampa**
Tampa que pecha unha ventá para non pasar a luz.

cingla **cingla**
Remar cun só remo, xeralmente desde a popa ou nun costado dunha embarcación.

cintón **cintón**
Listón de madeira que rodea o casco dun barco por riba da liña de flotación.

circunnavegar **circunnavegar, circunnavegación**
1. Navegar arredor dun lugar. 2. Dar un barco a volta ao mundo.

cizalla **cizalla**
1. Tipo de tesoira grande que se emprega para cortar metal en frío.2. Instrumento formado por un brazo móbil provisto dunha coitela para cortar diversos materiais.

clinómetro **clinómetro**
Instrumento que se emprega para medir a amplitude do balanceo do barco e a escora.

clipper **clipper**
Veleiro moi rápido. De corte moi fino, está construído especialmente así para acadar grandes velocidades.

cobrar **cobrar, recoller**
Recoller a parte conveniente dun cabo ou cable.

**coca**
Antiga embarcación de carga con dous paus e moita manga.

codales **codais**
Ferramenta que emprega o carpinteiro para alisar e escuadrar as táboas.

codaste **codaste**
Parte exterior da estrutura do casco que conforma o final da quilla e que regularmente leva as ferraxes ao temón. Codaste aberto,codaste falso, marco do codaste.

codera véxase **calabrote**

codillo **cóbado**
Calquera ángulo recto que forma calquera peza nun buque ou nun cano.

coeficiente **coeficiente**
Relación de dúas magnitudes da mesma especie.

cofa **cofa**
Plataforma que nos barcos de vela ía na parte alta dos paus e que servía para asegurar os obenques dos mastros de gabia, para manobrar desde ela as velas altas ou para situar alí a serviola.

cofferdam **cóferdan, cofferdam**
1. Caixa pequena que se pon no exterior dunha embarcación e que permite efectuar a reparación sen poñer a embarcación en seco.2. Compartimento estanco lonxitudinal que abraza a liña de flotación dos barcos de guerra para impedir filtracións de petróleo entre os tanques. 3. Caixa estanca dun dique ou dun peirao flotante.

colector **colector**
Condución principal destinada á distribución dun fluído.

compás **compás**
1. Instrumento de orientación que se basea nas propiedades dos imáns e que se emprega para determinar direccións horizontais a partir dunha dirección aproximada norte-sur. 2. Tipo de galvanómetro que ten como órgano móbil un compás colocado no centro dunha bobina, disposta no plano do meridiano magnético.

concha **cuncha**
**De aspiración:** cuarto elipsoide de obra viva e aberto na dirección da marcha que se emprega nalgúns buques rápidos para mellorar o efecto da bomba de circulación do condensador. **Cuncha (boca) do escobén:** boca formada por unha peza grande de aceiro fundido axustada no costado e cun forte nervio de defensa contra a que traballa a cadea da áncora.

congelador **conxelador**
Embarcación que se destina á conxelación e á conservación das capturas.

conserva, conservero **conserva, conserveiro**
**Conserva:** acompañamento que se fan mutuamente as embarcacións. **Conserveiro:** buque destinado á conserva.

cofradía **confraría**
Corporación de dereito público que actúa como órgano de consulta e colaboración coa administración pública con temas de interese xeral referentes á actividade pesqueira e á súa comercialización.

consignatario **consignatario**
Representante dunha empresa navieira nos portos en que o buque fai escala, que realiza funcións relacionadas co trasporte de mercadorías, descarga, tránsito e entrega, e preparación de fretes. **Consignar:** enviar un buque a un consignatario.

consola **consola**
Panel en que están dispostos os mandos de control dunha instalación ou dun aparello.

contenedor **contedor**
Recipiente destinado a conter mercadorías de todo tipo.

contracción **contracción**
Redución de lonxitude ou espesor que experimenta unha peza.

construcción **construción**
Parte da industria que comprende o proxecto e a construción de navíos.

contrabrazola **contrabazola**
Brazola do zapón de dirección transversal, que vai sobre o vao do zapón.

contracción **contracción**
Diminución das dimensións transversais dun corpo sometido a un esforzo de deformación por tracción.

contracodaste **contracodaste**
Peza que, aínda que ten a mesma forma que o codaste, se sitúa en paralelo a el para o reforzar.

contrachapado **contrachapado**
Taboleiros ou superficies de madeira cuxo espesor está formado pola superposición de follas finas de madeiras.

contrachumacera **contrachumaceira**
Peza de metal en forma de anel que serve para manter unha árbore de transmisión na súa correspondente chumaceira.

contraescota **contraescota**
Cabo con que se reforza a escota para facilitar a manobra cando vai vento forte ou temporal.

contraestays **contraestais**
Cabo groso que axuda ao estai a soster o pau.

contrafuertes **contrafortes**
Reforzo vertical armado.

contratrancanil **contratrancanil**
Na construción de madeira é o elemento inmediato ao trancanil.

contrafoque **contrafoque**
Vela triangular que se enverga no contraestai pola cara de popa.

contramesana **contramesana**
Pau pequeno que se colocaba antigamente entre a popa e a mesana do navío.

contraquilla **contraquilla**
Peza que cobre a quilla pola parte interior da nave e que reforza tanto a quilla como as pezas que leva cravadas.

contrarrueda **contrarroda**
Peza de madeira que vai entre a roda, polo interior do buque para reforzala e engarzala coa quilla.

control **control**
Dispositivo para manexar algunha cousa.

corveta **corveta**
1. Embarcación con tres mastros (trinquete, maior e mesana) en que o maior leva velas cadradas e a mesana velas de coitelo. 2. Antigo navío de guerra de tres mastros e menor que a fragata.

cordón de soldadura **cordón de soldadura**
Soldadura que se dá dun só golpe e que une dúas pezas coas súas faces perpendiculares.

cornamusa **cornamusa**
Asa de metal ou de madeira dun barco que se emprega para amarrar os cabos.

corneta **corneta**
Bandeira ou estandarte de dúas puntas e cun corte angular no medio delas.

coronamiento **coroamento**
Contorno superior na liña curva de cobertura con que se acaba a popa dos barcos formando un arco convexo. **Coroamento de popa:** varanda situada na popa en que se coloca o motor da embarcación, acompañando da bandeira distintiva do país de orixe.

corredera **corredoira**
Mecanismo que consiste en dúas ringleiras de dentes metálicos que encaixan unha na outra mediante un pasador.Cordel forte e longo que levan algunhas embarcacións para faceren sondaxes.

corrosión **corrosión**
Deterioración superficial dunha peza por axentes químicos.

cuerpo muerto **corpo morto**
Obxecto somerxido que ten a misión de manter o barco nun punto fixo.

corredera **carreira**
Camiño que percorre unha peza dun mecanismo durante o seu funcionamento.

corta-circuitos **cortacircuítos**
Aparello que se destina a cortar ou interromper un circuíto eléctrico cando a corrente que circula por el sobrepasa un determinado valor durante un certo tempo.

corsario **corsario**
Buque armado en corso.

corso (en) **corso** (armar en)
Dispor un buque convenientemente para as accións de guerra.

**cortizada**
Relinga superior dun aparello provista de cortizas sobre as que se montan os panos da rede das distintas artes de pesca.

costado **costado**
Parte da embarcación que está comprendida entre a liña de flotación e a cuberta en toda a súa lonxitude.

costera **costeira**
Temporada de pesca das especies que acoden en bandada preto da costa.

**corte**
Nó falso que se dá a unha embarcación.

**cote**
Volta que se lle dá a un cabo nunha cornamusa ao pasar un chicote por dentro do seo arredor do firme.

creces (con) **abondo, de sobra**
Dimensión en exceso orixinal.

crítica **crítica**
Velocidade dun buque ou dunha máquina que produce efectos prexudiciais.

cruceta **cruceta**
Elemento transversal que se une a outro en forma de T.

cruz **cruz da áncora**
Intersección da cana da áncora cos brazos.

cuadernal **cadernal**
Motón con máis dunha roldana.

cuadrenas **cadernas**
Elemento transversal da estrutura dun buque que ten como misión principal asegurar a súa forma exterior.

cuadra **cadrada**
Dise da bandeira rectangular ou cadrada.

cuarta **cuarta**
Cada unha das trinta e dúas partes iguais en que se divide a rosa náutica, que tamén se denominan rumbos ou ventos.

cuartel **cuartel**
Tampa de madeira ou metálica dun zapón.

cubierta **cuberta**
Plataforma que se estende horizontalmente ao longo da eslora e a manga dun barco.

cubertada **carga da cuberta**
Carga que vai na cuberta dun barco, normalmente os cargueiros.

cucharro **cucharro**
As formas e as zonas da obra morta a proa e a popa enriba dos raseis.

cuerpo **corpo**
Obxecto somerxido que ten a misión de manter o barco nun punto fixo.

culata **culata**
Peza de ferro fundido que vai fixada á parte superior do bloque do motor.

cumbrera **cumieira**
Trabe lonxitudinal que vai situada na parte máis alta dun teito ou da armazón dun tellado.

cúter **cutter, cúter**
1. Embarcación de vela de pouca tonelaxe de orixe neerlandesa que está provista de casco fino e aparello de balandra. 2. Embarcación dun só pau e bauprés, coa posibilidade de calar cara a dentro e con aparello de balandra.

D

dársena **dársena**
Lugar protexido natural ou artificialmente nos portos, canais ou baías onde as embarcacións poden levar a cabo as operacións de carga e de descarga ou aparellar e reparar as embarcacións. 2. Cada unha das divisións que se acondicionan nos portos artificiais para crear distintos peiraos.

dala **dala**
Canle ou tubo polo que se botan ao mar a auga que sobe a cuberta por medio da bomba de achicar.

defensa **defensa**
Proteccións que se colocan no costado das embarcacións que permiten defendela de rozamentos ou de choque.

deformación **deformación**
A alteración das dimensións que experimenta calquera corpo.

degollado **degolado**
Cano cuxa sección interior reduciuse excesivamente.

delgados **delgado**
Parte dos extremos da popa e da proa dun barco en que se estreita o pantoque.

demora **demora**
Dirección do rumbo en que se atopa ou observa un obxecto en relación a outro que se toma como referencia.

derecho marítimo **dereito marítimo**
Regras xurídicas referentes aos diversos dereitos e obrigas que afectan á navegación comercial nacional e internacional, especialmente ao transporte de pasaxeiros e de mercadorías nun barco.

deriva **deriva**
1. Desviación dunha nave do seu rumbo por efecto do mar ou do vento.2. Aleta vertical somerxida que ten como finalidade reducir a desviación dun barco.

desabordar **desabordar**
Soltar unha embarcación doutra despois dunha abordaxe.

desatracar **desatracar**
Separar un barco de onde estaba atracado.

desbaste plano **desbastamento**
Semiproduto destinado á fabricación de chapas.

descargas altas **descargas altas**
As cargas dun cano ou dunha bomba por encima da liña de flotación.

desconexión **desconexión**
Interrupción ou corte dun circuíto.

desembarcadero **desembarcadoiro**
Lugar de calquera clase para desembarcar, isto é, sacar ou facer saír algo ou alguén dunha embarcación.

desengrilletar **quitar os grillóns**
Quitar un grillón do elo en que estaba unido.

desguazar **despezar, desmantelar**
Desfacer a parte avariada dun buque para a súa posterior reparación ou substitución ou a totalidade da embarcación para o aproveitamento da chatarra. **Despezamento:** acción e efecto de despezar ou demantelar.

deslastrar **deslastrar**
Quitar o lastre dunha embarcación. **Deslastre:** acción e efecto de sacar o lastre dunha embarcación.

deslizador **hidroplano**
Embarcación de fondos planos que se desliza sobre a superficie da auga erguéndose do seu calado por efecto da velocidade.

desobediente **desobediente**
Buque que tarda en responder ao temón.

despatillado **desbastar**
1. Dar unha primeira forma a unha peza de material que acaba de saír do forno. 2. Corte oblicuo que se fai no extremo dunha peza para diminuír o seu bordo. **Desbastamento:** acción e efecto de desbastar. **Desbastador:** cepillo ou máquina que se emprega para desbastar.

despojo **refugallos**
Aquilo que sobra ou que non se aproveita dunha peza.

destrincar **destrincar**
Desamarrar calquera cousa que estivese trincada.

**desvarar**
Pór de novo a navegar unha embarcación que estaba varada.

diagrama mimético **diagrama mimético**
Deseño materializado nun taboleiro por medio de tiras metálicas representando os circuítos e os signos convencionais empregados nunha instalación ou nun servizo.

diagonal **diagonal**
Son as lamias empregadas en forma análoga e co mesmo obxecto que as cordas en dirección diagonal.

dique **dique**
1. Muro que se constrúe no mar para conter as ondas e abrigar un porto, para facilitar ao mesmo tempo un fácil acceso dos barcos. **Dique flotante:** dique que consiste nunha estrutura metálica en forma de U que se pode afundir parcialmente lastrando o interior. **Dique seco:** construción provista de portas e que permite a entrada das embarcacións e o seu secado para a limpeza dos fondos, a súa reparación ou a súa construción.

distribuidor **distribuidor**
Conduto repartidor

doblar **dobrar**
Pasar unha embarcación por diante dun cabo e poñerse do outro lado.

doris **doris**
Pequena embarcación de fondo plano e de proa a popa en forma de punta de lanza que se emprega en Terranova para a pesca do bacallau.

dorna **dorna**
Embarcación tradicional da pesca galega, especialmente nas Rías Baixas, de proa lanzada, popa truncada, temón movido e cana e vela de relinga.

draga **draga**
Embarcación que está provista dunha instalación para a limpeza e o aumento dos fondos dos portos, ríos, canais e outros lugares navegábeis.

**dragante**
Cada unha das dúas pezas que están situadas sobre a popa e que serven de base para toda a construción do espello dun barco de madeira. **Drágante dereito:** táboa grosa, recta e de superficies planas que vai unida con porlóns ao drágante.

dragaminas **dragaminas**
Barco militar equipado especialmente para detectar e eliminar as minas das canles de navegación.

dragón **dragón**
Embarcación de regatas con 9 metros de eslora.

driza **driza**
Cabo que serve para izar e arriar vergas dunha embarcación. **Drizar:** izar ou arriar as velas dunha embarcación.

durmiente **dormente**
Peza de madeira dun barco en que se cravan as táboas do sollado.

eje del timón **eixo do temón**
É o eixe xeométrico de xiro do temón, ou o eixe material dun temón montado nun codaste aberto.

eje torsor **eixo torsor**
É o que atravesa polo buraco central dun piñón de redución e que se encaixa a este pola cara contraria da turbina.

elastómero **elastómero**
Plástico sintético elástico.

émbolo **embolo**
Peza de certas máquinas en forma cilíndrica que se pode accionar co movemento alternativo no interior dun cilindro.

embono **embonar**
1. Engadir táboas sobre o casco dunha nave para aumentar a súa manga e darlle máis estabilidade.2. Actualmente é engadir todo suplemento para sustentar calquera peza cando está escasa para chegar á súa posición correcta.

**embornal**
Cada un dos buracos que serve para desaugar a auga que queda nos corredores dun barco.

embragar **pór as lingas**
Pór lingas ou estrobos a calquera peza para a manexar, nomeadamente cos guindastres.

embutición **embutición**
Proceso para traballar metais que se basea na deformación plástica de follas ou de pranchas por medio dunha matriz ou molde e dun punzón.

endurecimiento **endurecemento**
Incremento da dureza natural dunha cousa.

emersión **emersión**
Proceso en que a zona intermareal queda ao descuberto por efecto dos fluxos mariños. 2. A diminución de calado que experimenta un buque por efecto do deslastre ou descarga.

**emerxer**
Saír a superficie algo que estaba somerxido.

empalme **empalme** (empalmar)
A unión de dúas pezas polos seus extremos axustando unha á outra.

empanado **empanetado**
1. Conxunto de táboas con que se cobre o fondo dunha embarcación menor. 2. Última división dun barco pequeno en que se garda a rede despois do último lance.

**empatar**
Unir os anzois á sedela para pescar. **Empatadura:** nó que se fai para atar os anzois á sedela.

empavesada **empavesada**
Conxunto de bandeiras e de gallardetes para ornamentar as embarcacións. Empavesar: decorar un navío con empavesadas.

empopar **empopar** (empopada)
1. Calar moito de popa unha nave. 2. Navegar con vento de popa. **Empopada:** acción do vento sobre unha nave soprando de popa a proa.

emproar **emproar**
1. Dirixir un navío cara ao porto. 2. Volver o barco a proa cara un lugar determinado.

encallar **encallar**
Facer tropezar unha embarcación co fondo, coas rochas ou coa area. Quedar unha embarcación sen movemento por tropezar coas rochas ou co fondo. **Encallamento:** acción e efecto de encallar.

**encanizada**
Arte de pesca para pescar muxes.

encapillar, encapillado **encapelar**
Enganchar un cabo ao calcés dun barco, a unha bita ou a unha verga. **Encapeladura:** Punto do mastro en que se xuntan os cabos que o sosteñen.

encepar **encepar**
1. Cravar a áncora no fondo para fixar a embarcación. 2. Enredarse o cabo ou a cadea co cepo da áncora fondeada.

**encorda**
Ligamento de cordas cheas de anzois que se emprega para pescar.

**endeño**
Aparello de pesca que se emprega para pescar moluscos.

engargolado **engargalado**
Pór gargais, a ensamblaxe que forma un gargal e o seu macho.

engranaje **engrenaxe**
Sistema de rodas dentadas que engrenan unhas con outras de xeito que o movemento dunha se transmite á outra. **Engrenaxe de espiñas:** está composto por dentadas helicoidais de pasos contrarios e simétricos a respecto do plano medio transversal.

enjaretado **enxaretado**
Panel con reixas formado por barretas semellante a un taboleiro de xadrez e que serve para formar o plano dun bote.

jarcia **enxarcia, enxarciar**
Conxunto de cabos e aparellos dunha embarcación.

enmaestrar **enmestrar**
Colocar na súa posición correcta e definitiva antes da súa unión os elementos construtivos dun buque por medio do emprego de medios de suxeición provisionais.

enmanguitado **enmanguitado**
A acción de colocar camisas e forros en pezas cilíndricas.

enramado **enramada**
Conxunto das cadernas dun buque en construción unha vez arboradas e enmestradas.

entalla **entalla**
Corte feito para encaixar algunha cousa, ou entallamento ou entalladura.

ensayo lento **ensaio**
Proba que se fai a pouca velocidade da máquina de ensaio.

entena **entena**
Percha en que se enverga a vela latina ou mística.

enterizo **enteirizo**
Elemento que está composto por unha soa peza en oposición ao que está composto por varias ou armado.

entrada de obra muerta **entrada de obra morta**
A diminución da manga dun buque nas súas partes altas por estaren os seus costados inclinados cara a dentro.

**entralladura**
Tecedura que une as redes ás relingas, ou entrallada.

**entrallar**
Tecer con tralla as redes de pesca. **Entrallo:** fío ou cabo delgado que se emprega para coser a rede á tralla.

entrecubierta **entrecuberta**
Espazo entre as cubertas dunha embarcación.

entremiche **entremiche**
Espazo baleiro no cavername entre as costelas.

entrepuente **entreponte**
Espazo situado entre dúas pontes ou cubertas dunha embarcación.

envergadura **envergadura**
Ancho dunha vela envergada. **Envergar:** atar unha vela a unha verga suxeitando a relinga do grátil daquela á súa respectiva verga.

**envergue**
Cabo delgado que pasa polos buratos da vela para afirmala ao nervio da verga. **Nó de envergue:** nó mariñeiro para suxeitar a vela. **Envergue por seo:** nó mariñeiro de rizo.

epoxi **epóxido**
Pintura de gran poder de protección cuxa composición química se distingue por conter dous átomos de osíxeno unidos a outros dous átomos xa anteriormente ligados dalgún modo.

equipaje **equipaxe**
Conxunto de cousas que se levan nunha viaxe, e por extensión, conxunto de homes que forman unha dotación dun buque.

escala **escaleira, escada**
Utensilio formado por dúas barras longas e paralelas que se unen por travesas equidistantes. **Escada de vento:** escada formada por dúas tiras de cabo unidas por paus a xeito de chanzos. **Escada real ou de portalón:** escada con dous relanzos e con varanda que se emprega para embarcar e desembarcar tripulantes e pasaxeiros.

escama de laminación **escama de laminado**
Formacións nas pezas de láminas como consecuencia da rápida oxidación seguinte ao seu arrefrío.

escandallo **escandallo**
Peza de chumbo posta no extremo dunha corda fina que serve para determinar a profundidade do mar. **Escandallar:** medir a profundidade da auga mediante un escandallo ou outro obxecto.

escandalosa **escandalosa**
Vela triangular ou trapezoidal que se larga sobre as cangrexas e que está formada por unha aresta no pico e unha outra no mastro.

escantillón **escantillón**
Pau que leva nun dos estremos unha lingüeta de cobre que xira e que se emprega como regra ou patrón para trazar as liñas e comparar os ángulos baixo os que se deben serrar ou labrar as pezas.

escariador **broca helicoidal**
Broca que serve para agrandar un trade.

escobén **escobén**
Burato circular ou elíptico no alto do casco practicado a un e outro lado da roda por onde pasan as cadeas da áncora e os cabos que serven para amarrar as naves, e que está formado pola tella, cuncha e a bucina.

escora **escora**
1. Curva que pasa polos puntos de máis ancho de todas as cadernas dun barco. 2. Inclinación dun barco sobre un dos seus lados. 3. Cada un dos puntais que se pon a cada lado da embarcación para esteala mentres está en dique.

**escoramento, escorar**
1. Estear con escoras. 2. Facer que se incline o barco a un dos seus lados.3. Inclinarse o barco por defecto da estiba da súa carga ou pola forza do vento ou do mar.

escota **escota**
Cabo atado aos puños baixos das velas, ou a da popa nas latinas, que serve para cazar as velas.

escotera **escoteira**
Abertura no lado dunha nave por onde pasa a escota maior ou de trinquite.

escotilla **zapón**
Abertura grande cadrada ou rectangular que se sitúa nas cubertas das embarcacións para o acceso ás inferiores ou para introducir ou sacar obxectos.

escotillón **trapela**
Zapón pequeno.

escuadría véxase **escantillón**

escudo **escudo**
Peza de madeira situada na popa dos botes ou das

pequenas embarcacións que constitúe o respaldo do asento de popa.

estampación **estampaxe**
Operación de conformar unha peza en quente sobre unha estampa.

efervescente **efervescente**
Aceiro efervescente é un aceiro baixo en carbono e de lenta solidificación polo que permite a evolución de gases e de impurezas.

eslinga **linga, estrobo**
Lazo de corda ou de varas que se emprega para suxeitar ou amarrar distintos aparellos.

eslora **eslora**
Lonxitude que ten unha embarcación de proa a popa e que se mide polo seu interior desde a cuberta. **Eslora na flotación:** lonxitude do buque medida no plano de flotación entre os puntos entre o que este corta a roda e a popa. **Eslora total ou máxima:** distancia comprendida entre o coroamento de popa e a parte alta da roda de proa.

espaldera **espaleira**
Peza de forma adecuada axustada á superficie interior dunha xunta previamente á súa soldaxe e de material non soldable con obxecto de soster as perdas.

espejo **espello**
1. **Espello de popa:** parte exterior da popa dunha embarcación desde o coroamento até a bovedilla ou parte arqueada dos baixos de popa. 2. **Espello de proa:** parte interior dunha embarcación formada pola roda e a última caderna de proa.

espeque **espeque**
Pau que serve de soporte a unha cousa para que non caia.

espiche **espicha**
Pau delgado de pequenas dimensións que serve para taponar temporalmente calquera burato e evitar a entrada de auga.

espiga **espiga**
Extremo ou parte saínte dun obxecto normalmente alongado e máis estreito que o resto que serve como macho a un outro.

espigón **espigón**
Macizo saínte que se constrúe na beira do mar para protexer ou modificar as correntes de auga.

esquife **esquife**
Embarcación de pequeno tamaño e de remos que se leva nunha maior como auxiliar. Tamén son os botes clásicos nas regatas inglesas.

estacha **estacha**
Cabo groso que se emprega para suxeitar o rizón ou nas tarefas de amarre, desamarre ou remolque nas entradas, saídas e manobras propias dos portos.

estampa véxase **o espello de popa**

estay **estai**
1. Cabo ou cable de aceiro que suxeita a cabeza de calquera pau, mastro ou cheminea para que non caia cara á proa. 2. Vela de coitelo, de forma trapezoidal ou triangular, que se enverga no nervio que para tal fin vai por debaixo do propio estai.

**estampina**
Cabo forte para arriar e soster o rizón.

estibar **estibar**
1. Colocar e distribuír convenientemente todos os pesos e as cargas dun buque para conservar a súa estabilidade. 2. Cargar e descargar un barco.

estopor **estopor**
Aparello formado por dúas mandíbulas polas que corren as cadeas da áncora.

**estrame**
Arte de pesca que forma parte das liñas que levan as dornas para a pesca do congro.

**estrampina**
Cabo que ata o rizón na arte de pesca do trabuquete.

estribo **estribo**
Peza que serve de apoio.

estribor **estribor**
Costado dereito dunha embarcación mirando de popa (atrás) a proa (diante)

estrobo **estrobo**
Anel formado por un anaco de cabo encapelado ao tolete dunha embarcación que serve para suxeitar o remo.

estructura **estrutura**
Conxuntos de elementos resistentes dunha construción tendo en conta a súa configuración e a súa disposición. **Estrutura lonxitudinal:** os reforzos lonxitudinais de fondo, costados e de cuberta. **Estrutura de popa**, **estrutura transversal**.

exponete **expoñente** (de carga)
Volume da carena correspondente á carga que se expresa en toneladas cúbicas.

extensión **extensión**
Alongamento elástico dunha peza.

falca **falca, falcado**
Táboa delgada que se coloca de canto, de proa a popa sobre o bordo das embarcacións menores como protección.

**falcado**
Embarcación menor de pesca propia das Rías Baixas.

faldón **aba**
A cara inclinada a respecto do plano medio dunha chapa ondulada.

falso codaste **falso codaste**
Nos barcos de quilla levantada é unha estrutura a xeito de orza terminada por un codaste para proporcionar soporte ao temón da forma usual.

falsa varenga **falsa varenga**
A que non ten chapa de varenga propiamente dita, e está formada pola caderna, o invertido e diversos elementos de unión.

falúa **falúa**
Antiga embarcación cunha cámara na popa impulsada a remos ou a vela para o uso das grandes autoridades.

falucho **falucho**
Embarcación lixeira do Mediterráneo con dous mastros que envergan velas bastardas triangulares.

fanal **fanal**
Aparello de luz que se emprega a bordo das embarcacións.

faro **faro**
Torre cunha lanterna na parte máis alta que serve para facilitar a navegación.

fenda **fenda**
Abertura estreita que se forma nun sólido.

figura **figura**
De figura: chapas volteadas con grandes curvaturas en sentidos contrarios.

**filame**
Espazo da amarra entre o gancho da áncora e o traveseiro que o fixa á embarcación.

filástica **filástica**
Filamentos que saen dos cabos.

firme **firme**
Que non se move porque está ben suxeito e amarrado.

flamear **flamexar, ondear**
Ondear unha tea ou bandeira pola acción do vento.

flanco **flanco**
Cara lateral dun dente.

fletar **fretar**
Tomar frete dun barco. Cargar mercadorías ou persoas nun barco. **Frete:** prezo estipulado para o transporte de mercadorías por mar, que se establece en función da duración do transporte, do volume que ocupan as mercadorías ou das súas características. **Fretaxe:** acción de fretar.

flotilla **flotilla**
Flota composta por barcos pequenos.

flota **frota**
1. Conxunto de barcos de guerra, mercantes e pesqueiros dun estado ou dun mesmo armador.
2. Conxunto de embarcacións cunha mesma provincia marítima. 3. Conxunto de embarcacións que navegan nas mesmas augas ou realizan a mesma actividade.

flotación **flotación**
**Centro de flotación:** centro de pulo. **Liña de flotación:** liña que sinala a superficie da auga no casco do buque e que separa a parte somerxida da que emerxe. **Liña de flotación en lastre:** intersección da superficie da auga co casco dun buque sen carga, auga nin combustible.

flotante **flotador**
1. Cámara estanca, chea de aire, destinada a facer insomerxible un bote. 2. Boia lixeira empregada na pesca que se fixa ao sedal para manter o anzol nun nivel constante.

fluencia **límite de fluencia**
É a carga límite entre as deformacións elásticas e permanentes.

flujo **fluxo**
Movemento ascendente da marea.

flux **flux**
Material fundente e protector que se emprega na soldadura eléctrica.

fofoque **fofoque**
Vela triangular que se larga entre o foque e o contrafoque.

foque **foque**
Vela triangular que se pecha entre o pau de proa e o bauprés ou os botalós dunha embarcación.

fondeadero **fondeadoiro**
Lugar abrigado no mar onde se deixan fondeadas as embarcacións.

fondear **fondear**
Asegurar unha embarcación ao fondo por medio de áncoras ou amarras.

fondos **fondos**
Parte dunha embarcación que queda debaixo da auga.

**forcado**
Cavidade do casco da barca a proa, baixo o castelo.

forja **forxa**
Técnica que consiste en traballar un metal tras quentalo e darlle forma cun martelo sobre a engra.

forro **forro**
Conxunto de táboas ou ferros con que se cubre o esqueleto dun barco.

fosa **fosa**
**Fosa do dique:** recinto dragado no fondo do porto no lugar dun dique flotante.

fragata **fragata**
Buque de vela de tres ou máis paus machos con mastros e velas de cruz en todos eles.

francobordo **francobordo**
Reserva de frotabilidade dunha embarcación, determinada pola liña de carga máxima fixada por algunha das entidades oficiais aseguradoras.

**frechadura**
Listón de madeira ou anacos de corda que se fan nos obenques de maneira que serven de chanzos.

frisa **frisa**
Anaco de material elástico interposto entre dúas pezas ríxidas.

fuga **fuga**
Perda de líquido ou dun fluído dun recipiente ou dun cano.

gabarra **gabarra**
Embarcación de pequeno tamaño e fondo plano, que normalmente vai remolcada, aínda que tamén pode ser autopropulsada e que se emprega habitualmente para as tarefas de carga e de descarga nos portos.

gafa **tenaces, ganchos**
Gancho ancho en forma de garra que se coloca no extremo das lingas para pendurar as chapas.

galeaza **galeaza**
Nave de guerra máis pesada e robusta que a galera cunha soa cuberta que arboraba tres paus con velas latinas.

galeón **galeón**
1. Buque de carga ou de guerra que arboraba tres ou catro paus con velas xeralmente cadradas. 2. Embarcación de cabotaxe construída en Galicia duns 13 metros de lonxitude e dunhas 20 toneladas que se empregou especialmente nas Rías Baixas desde comezos do século XX até 1960.

galera **galera**
Barco de guerra raso, cunha grande eslora, aparellado con velas mais impelido por remos.

galga **galga**
Prancha pequena de aceiro ou bloque prismático de pequeno tamaño que se emprega para calibrar ou regular a separación entre dúas pezas.

gálibo **gálibo**
Molde que empregan os carpinteiros da ribeira para contornear pezas dunha embarcación.

gallardete **gallardete**
Banda estreita de xénero, terminada en punta, que se iza como bandeira.

gallardetón **gallardetón**
Bandeira triangular co seu extremo segregado por un triángulo isósceles para terminar en dúas puntas como a corneta.

gambota **gambota**
Cada un dos membros que unidos á chapa do peto forman o esqueleto da bóveda e do abanico.

**gamela**
Embarcación tradicional galega que se emprega na pesca de baixura para capturar peixes con cordas ou redes artesanais.

**ganapán**
Aparello de pesca formado por un aro e unha rede que se coloca arredor.

gánguil **gánguil**
1. Arte de arrastre para coller gambas e peixes pequenos. 2. Barcaza vertedoira: embarcación en que se transportan cara a alta mar os materiais extraídos polas dragas.

garcés **garcés**
Táboa que vai no alto da árbore de galera en que vai a atalaia e en que se izaba a bandeira de saída.

garete **garete**
A mercé do vento ou da corrente, especialmente as embarcacións sen rumbo ou goberno.

garganta **rañura**
Nunha soldadura de ángulo, é a altura do máximo triángulo isósceles que pode inscribirse na sección transversal da soldadura.

garrear **garrar**
Quedar unha embarcación a garra: indica que unha embarcación vai a mercé do vento e do mar por non asegurar ben a áncora.

**garrote**
Panca coa que se lle dá a volta á trinca dun cabo.

garrucho **garrucho**
1. Anel metálico ou de madeira que serve para envergar as velas cangrexas, os foques e as velas de estai. 2. Anel de cabo que se fai nas relingas das velas.

gata **gata**
1. Mastro máis pequeno do navío situado na popa. 2. Pescante de madeira ou de ferro que servía para colgar a áncora a rentes da orla cos aparellos. 3. Cabo de corda ou cadea, cun gardacabo nun extremo e un gancho no outro para colgar a áncora nun costado da nave.

gatera **gateira**
Burato feito na porta, na parede ou na cuberta dunha embarcación para o paso das amarras ou das cadeas.

gavía **gavia**
Vela que se larga no primeiro mastro, a continuación do pau macho.

gaza **gaza**
Anel ou especie de asa formada no chicote que se emprega para fixar este nunha cornamusa sen necesidade de facer un nó. 2. Nó mariñeiro.

genol **xenol**
Conxunto de cadernas que forman o esqueleto dunha embarcación.

gigantones **puntais**
Puntais que transmiten o peso das correspondentes partes da estrutura do buque na botadura aos extremos das anguías de proa e de popa.

giratorio **xiratorio**
Un elo xiratorio é aquel que unha das súas metades e un parafuso de ollo pasado por un burato practicado na outra metade e remachado por dentro mais deixándoo con xogo para que poda xirar libremente.

gobernar **gobernar**
Dirixir ou guiar co temón unha nave por un rumbo determinado.

gobierno **goberno**
Técnica empregada para dirixir unha embarcación mediante a manobra combinada do temón e as velas para manter o equilibrio da ruta.

goleta **goleta**
Embarcación xeralmente de dous paus, aínda que tamén pode ser de tres, que son de dúas pezas e aparellan velas cangrexas; na proa leva un masteleiro para largar gavias e xoanetes.

golilla **chaveta**
Peza dun cano que está rematada por unha brida de unión a outros ramais dun tubo.

gorja **gorxa**
Unión de pé de roda coa quilla ou co resto do buque.

grada **bancada**
Plano inclinado en que se apoian as camas de construción e a botadura ou varada dos barcos para a súa reparación.

gramil **gramil**
Ferramenta de carpintaría que serve para trazar liñas paralelas a pouca distancia dos bordos da madeira que consiste nunha regra con punzón fixo e un tope que corre ao longo dela.

granel, a **granel, a**
Modo adverbial para indicar que unha carga vai sen envasar nin empaquetar. **Graneleiro:** barco destinado ao transporte de cargas a granel.

grapa **grampa**
Peza de aceiro ou doutro material en forma de U cos seus extremos dobrados na mesma dirección e acabados en punta que se cravan para suxeitar diferentes cousas.

**grampín**
Áncora pequena para rastrexar as redes do fondo do mar.

grátil **grátil**
Aresta dunha vela pola que se suxeita a un mastro, verga ou estai.

grieta **greta, fenda**
Abertura longa e estreita que se produce nun sólido.

grifo **billa**
Chave que impide o paso dun líquido por un conduto.

grillete **grillón**
1. Peza de ferro en forma de U que atravesa un porlón polos seus extremos e que serve para unir ou para afirmar algo, en especial dous anacos de cadea. 2. Medida da cadea de fondeo, que ten aproximadamente 90 pés de lonxitude.

grímpola **gallardete, grimpa**
Cabo lixeiro que se coloca nun pau para indicar a dirección do vento.

grúa **guindastre**
Máquina que se destina ao izado e ao traslado de pesos de formas e disposicións variadas.

guaira **guaira**
Vela triangular cuxos puños de driza e amura se envergan sobre o pau.

guardacabos **gardacabos**
Arandela de metal que serve para protexer os cabos.

guardacostas **gardacostas**
Barco ou lancha rápida que se destina á vixilancia e o coidado do litoral.

guardabanderas **gardabandeiras**
Mariñeiro a cuxo coidado está a bitácora.

guardin **gardín** (port)
Cabos que serven para a manobra do temón e que están suxeitas á súa cana.

guarnir **gorecer**
Protexer algo das inclemencias do tempo.

guayacán **guaiaco**
Árbore de que se obtén o pau santo e a goma de resina e que se emprega na construción naval.

guía **guía**
1. Peza de aceiro ou doutro material que serve para dirixir cabos. 2. Cabo que se emprega para amarrar as embarcacións aos costados dos buques. 3. Mastro da vela.

guindaleza **guindareza**
Cabo groso.

guindar **guindar**
Levantar algo, nomeadamente os masteleiros.

guindaste véxase **cabrestante**

guindola **guindola**
1. Estada feita con táboas e cabos que se emprega para pintar, rascar e facer outras operacións na cheminea e no costado dun barco. 2. Salvavidas especial colgado na parte exterior do barco, provisto dun recipiente que contén fosfuro de calcio e que permite localizalo cando se guinda ao mar.

guión **guión**
Parte do remo que está comprendida entre a cana e o puño ou, se está armado, a parte comprendida entre o tolete e o puño.

habitación véxase **armamento**

halar **halar**
1. Tirar ou levantar un cabo, aparello ou utensilio similar. 2. Tirar do remo cando se rema. **Halador:** máquina que se emprega nos barcos para tirar os aparellos.

hamaca **hamaca**
Rede ou tea que se colga polos extremos e serve para se deitar nela.

hélice **hélice**
Órgano mecánico constituído por unha ou máis pas de forma diversa, fixadas radialmente a un eixo motor e que está destinado a converter, en interacción cun fluído a forza mecánica de rotación en forza de translación no sentido do seu eixo.

hembra **femia**
Peza que serve de aloxamento dunha outra que se chama macho.

hervidores **fervedoiro**
Colectores baixos nunha caldeira totalmente cheos de auga de que parten uns canos que a transportan ao colector superior.

hidrófono **hidrófono**
Aparello que recolle os sons submarinos, sinala a presenza de buques de superficie e somerxibles e permite indicar a súa posición.

hidroplano **hidroplano**
Embarcación sen quilla mais con pas en forma de aleta que a medida que aumenta a velocidade emerxe sobre a auga.

hidróptero **hidróptero**
Embarcación provista dunhas ás en forma de V por debaixo do buque que cunha certa velocidade e por efecto hidrodinámico navega practicamente fóra da auga.

**hidrorreactor**
Sistema de propulsión sobre a auga que se basea na reacción.

hidrostática **hidrostática**
Parte da hidráulica e da mecánica de fluídos que estuda as condicións de equilibrio dos líquidos e dos corpos neles somerxidos.

hidrostáticas **hidrostáticas, curvas**
Representación gráfica das características hidrostáticas dunha carena.

hilo **fío**
Corda fina.

hocicar **calar, afundir de proa**
Facer calar moito de proa un buque.

**histiodromía**
Arte de navegar con velas.

hoja **folla**
Defecto superficial en forma de lámina despregada do groso da chapa.

hongo de ventilación **cheminea de ventilación**

horma **forma, molde**
Ferramenta que serve para dar forma a unha peza por forxa ou estampaxe.

horquilla **forquita**
Peza dunha embarcación, con forma de medio arco, pola que se meten os remos para evitar que se caian.

I

imada **imadas**
Cada unha das explanadas que se forman na bancada paralelas á quilla do buque por onde corren as anguías.

imbornal **embornal, desaugadoiro**
Buratos ou canles nos trancanís ou nos costados dos barcos para dar saída ás augas da cuberta.

incombustible **incombustíbel**
Que non arde.

insertada **inserir**
Facer que encaixe unha cousa noutra.

intercostal **intercostado**
Todo elemento construtivo continuo xeometricamente mais interrompido na realidade polo paso doutros elementos sucesivos.

J

jabeque **xabeque**
Embarcación de cabotaxe propia do Mediterráneo.

jarcia **enxarcia**
Conxunto de cabos e de aparellos dunha embarcación. **Enxarciar:** poñer as enxarcias nunha embarcación. **Enxarcia morta ou firme:** as que están sempre firme.

juanete **xoanete**
Vela que vai sobre a gabia dos grandes veleiros.

junquillo **moldura**
Tira que se coloca de adorna para tapar unha xunta.

junta **xuntura, unión, empalme**
Unión de dúas pezas en xeral e a liña que as separa.

L

laborear **pasar**
Correr un cabo por un cadernal.

laminado **laminado**
Produto siderúrxico que se obtén por laminación.

lampazo **fregona**
Conxunto de fíos ou cabos que se empregan para a limpeza da cuberta e os costados.

lancha **lancha** (lancha de relinga)
1. Embarcación de pequeno tamaño que pode ser de remo ou a motor e que se emprega na pesca costeira ou para transportar carga e pasaxeiros nas manobras do porto. 2. Embarcación de pequeno tamaño que levan as grandes embarcacións para os servizos do buque. **Lancha de relinga:** embarcación de pequeno tamaño que se emprega para traballar coa arte de xeito e coa arte de enmalle para a pesca de sardiña. Lancha de salvamento.

lantia **lanterna**
Aparello de iluminación que alén doutros usos, tamén se emprega dentro da bitácora por debaixo da rosa para ver os rumbos.

lanzamento **lanzamento**
Acción de lanzar á auga unha embarcación.

largar **soltar, afrouxar** (un cabo)/**desprender, izar, despregar** (as velas)/**largar, botar as redes ao mar** (larga)
**Largar:** botar as redes ao mar. **Largada:** acción de botar a rede ao mar. Se nos referimos á acción de ir soltando pouco a pouco un cabo, falamos de soltar ou

afrouxar un cabo. Se falamos das velas empregamos as palabras desprender, izar, despregar as velas.

lascar **lascar/lasca**
Afrouxar ou soltar o cabo dunha embarcación pouco a pouco. Lasca: nó mariñeiro.

lasconazo **lasconazo**
Lascada grande.

lastrar **lastrar**
Pór lastre a un buque ou a unha embarcación.

lastre **lastre**
Material sólido ou líquido que se estiba no fondo dunha embarcación co efecto de baixar o seu centro de gravidade e darlle máis estabilidade.

lata **lata**
Listón largo de madeira ou metálico que serve para varios usos.

latina **latina**
Vela triangular que se enverga nunha entena.

laud **laúde**
Pequena embarcación do Mediterráneo, semellante ao falucho, arborada con vela latina.

legua **legua**
Medida de lonxitude que equivale á vixésima parte dun grado do meridiano e por tanto ten 5,555 quilómetros de lonxitude.

leme **leme**
Folla de metal ou de madeira que articulada de forma vertical a popa dun barco serve para gobernalo.

**lenzada**
Espazo que queda no teito ou no chan entre dúas viguetas.

levadizo **levadizo**
Que pode ser levantado e baixado a través dun mecanismo.

levar **levar**
**Levar áncoras:** recoller un barco as áncoras para comezar a navegar. **Leva:** acción de partir un barco do porto.

ligada **bozas, atadura**
Conxunto de voltas dun cabo que serve para unir dous cabos.

ligazones **ligazóns**
Pezas de madeira que se empalman sucesivamente.

limadura **limadura**
Pequenas partículas metálicas resultantes da acción de limar.

limera **limeira**
Abertura que se practica na bovedilla dun buque sobre o codaste para o paso da mecha do temón.

límite de fluencia **límite de fluencia**
É a carga que se aplica a un material en que se produce un marcado aumento da deformación sen o incremento do esforzo.

lineas de agua **liñas de auga**
Son as liñas de trazado dun buque paralelas á flotación.

lingote **lingote**
Masa xeralmente de ferro de forma paralelepípeda que serve para lastrar unha embarcación. Lastre.

linguete **lingüeta**
Barra corta articulada nun dos seus extremos e que polo seu peso ou a acción dun resorte descansa polo outro extremo nos buratos dunha roda dentada de forma particular solidaria do tambor do cabrestante saltando sobre os dentes no seu movemento normal ou impedindo que se desvíe ou se dispare en sentido contrario.

litera **liteira**
Cama fixa sobreposta unha por riba da outra.

litoral **litoral**
Relativo ou pertencente á beira ou á costa dun mar, país ou territorio.

llanta, pletina **platina**
Peza plana, lisa que forma parte de diversas máquina e mecanismos.

llaves de retenida **chaves**
Xogos de pancas que aguantan en último lugar o buque sobre a cama da botadura, antes de proceder a esta.

lote **lote**
Conxunto de elementos iguais e da mesma procedencia.

**loxodromía**
Curva abombada descrita sobre a superficie esférica terrestre por un punto que xira ao redor do polo afastándose continuamente e cortando os meridianos cun ángulo constante.

**loxodrómico**
Relativo á loxodromía. **Táboas loxodrómicas:** táboas que serven para calcular a vía seguida por un barco.

lúa **lúa**
Cara de sotavento dunha vela.

lubricante **lubricante**
Materia que serve para reducir o rozamento entre varias pezas.

lugre **lugre**
Barco pequeno de muito calado a popa de tres paus.

lumbrera **lumieira, tragaluz, lucerna, claraboia, ollo de boi**
Ventá ou bufarda con cuberta de cristais a dúas augas para dar luz ás cámaras e impedir que entre a auga.

luz de situación **luz de situación**
Son as luces regulamentarias que debe acender un buque en calquera situación desde a posta até a saída do sol.



maceta **maceta, mallo**
Martelo grande de ferro.

machina **cabria**
Aparello capaz de erguer grandes pesos empregados nos portos.

macho **macho**
Peza que se aloxa, firmemente ou móbil, nunha outra.

madre **madre**
É a peza máis longa e inmediata ao buque da que saen os machos. **Madre:** corda principal do palangre da que colgan os anzois.

maestra **mestra**
Caderna principal do buque.

maestranza **mestranza**
Conxunto de madeireiros, calafates e operarios que se ocupan nos estaleiros da construción e reparación das naves.

maestro **mestre**
1. Persoa que manda nunha embarcación. 2. Artesán ou obreiro cualificado no máis alto grao do seu oficio.

maleable **maleable**
Que pode ser traballado con facilidade.

malla **malla**
1. Rede. 2. Cada unha das aberturas dunha rede. 3. Tecido formado por elos ou argolas de metal. 4. Cada unha destas argolas.

**malletar**
Tirar polos extremos da rede na arte de arrastre. **Malletada:** conxunto de cabos con que se tira da rede desde terra. **Malleta:** cabo con que se tiran as artes de pesca de arrastre de fondo.

mallete **mallete**
1. Martelo de madeira que se emprega en determinados oficios. 2. Taco de madeira que se emprega como cuña para asegura os paus dunha embarcación de vela.

mambrú **cheminea**

mamparo **tabique**
Superficie estrutural de separación dos distintos compartimentos, xeralmente verticais. Tabique de balance: non é estanco e ten alixeiramentos que permiten o transvasamento de líquidos. Tabique acanalado: aquel que os seus reforzos están compostos por acanaladuras. Tabique ondulado: aquel cuxa sección está formada por unha curva análoga a unha sinusoide ou por trapecios isósceles.

mandarria **marra**
Mazo grande de ferro.

manga **manga**
Ancho dunha embarcación.

manguera **mangueira**
Tubo flexible de plástico que se emprega para a condución de plástico.

manguito de unión **manguito**
Mangueira curta de plástico, aceiro ou outro material que se emprega para unir dous tubos ou dúas canalizacións.

marcación **marcación**
Acción e efecto de marcar. **Marca:** lugar da costa que empregan os mariñeiros como punto de referencia.

marco del codaste **marco do codaste**
Nos barcos dunha hélice que non levan o temón colgado, o marco do codaste está formado polo codaste propiamente dito, o contracodaste, o arco do codaste, a femia do temón e a zapata.

marea **marea**
1. Actividade de pesca e o tempo que dura.2. Cantidade de pesca que captura unha embarcación nunha xornada. Marea alta ou abalo; marea baixa ou baixamar.

marear **marear**
Manexar unha embarcación gobernándoa polo mar. **Mareante:** que profesa a arte de navegación ou persoa que traballa nun barco como mariñeiro ou comerciante.

marina **mariña**
1. Conxunto de barcos que pertencen a un país. **Mariña mercante:** conxunto de barcos e de homes que se dedican ao transporte marítimo. **Mariña de guerra ou armada.**

marejada **marusía**
Movemento do mar con ondas grandes e sen tempestade.

margen **marxe, chapa da**
A chapa que se une ao pantoque limitando o duplo fondo coa sentina.

martinete **mazo, martelo mecánico**
Máquina ou aparello que serve para cravar.

martillo **martelo**
Ferramenta formada por unha peza xeralmente metálica unida a un mango.

masas de compensadoras **masas compensadoras**
Os contrapesos que se poñen nunha liña de eixos para amortecer as súas vibracións e conseguir o equilibro dinámico.

mascarón **mascarón de proa**
Representación dunha figura que se coloca na parte alta da proa dos barcos antigos.

mastelero **masteleiro**
Cada un dos paus menores que van sobre os paus machos para soster as velas altas.

mayor **maior**
Aplícase ao pau máis grande dunha embarcación, cando este ten máis dun. Aplícase tamén á vela que se pon no mastro maior.

mecha **mecha**
Parte do mastro que serve de base ao resto da árbore.

mechero **acendedor**
Aparello onde se produce unha lapa mediante a mestura de combustible e aire.

**mediomundo**
Aparello de pesca formado por unha rede de pesca que se estende desde un barco formando un cerco.

membrana **membrana**
Un tanque de membrana é aquel que non é resistente a esforzos mecánicos mais si ao efectos químicos.

mesana **mesana**
Nome que se lle dá ao pau de popa nunha embarcación de tres paus.

meseta **mesa**
Estrutura horizontal destinada ao soporte de diversos materiais.

**mesta**
Cordel co que se une unha rede á tralla de armamento.

miembro **membro**
Calquera das pezas en que se compoñen as cadernas.

milla **milla**
A milla mariña é a medida que equivale á sesaxésima parte dun grao de meridiano e ten por tanto 1,851851 quilómetros.

mística **mística**
Vela triangular semellante á latina, mais ten caída a proa sobre a cuberta dos buques.

**moco**
1. Pau suxeito ao bauprés por onde pasan os cabos que suxeitan os botalós de foque e de petifoque. 2. Corda que afirma o botaló de proa á parte exterior da roda nos barcos de mesana.

molinete **molinete**
Aparello consistente nun torno horizontal instalado sobre a proa e que serve para levar as áncoras.

momios **mummies**
Obturadores de labirinto en turbinas de vapor.

motón **motón**
Caixa oval, de madeira ou de metal que leva unha abertura dunha roldana pola que pasa a driza para izar a vela dunha embarcación.

muelle **peirao**
Construcións nos portos que facilita o embarco e desembarco da xente e das mercadorías.Peirao de atracada,peirao de ribeira, peirao de estacas,  peirao macizo, de gravidade.

muerto **morto**
Áncora dunha soa uña cravada no fondo e fixada solidariamente nunha boia onde se amarran as embarcacións.

muletilla **billa, pecho**
É un extremo de accionamento en forma de t dunha billa.

muñequilla **correa do cegoñal**
Botón de manivela dun eixo cegoñal

nasa **nasa**
Arte de pesca formada por unha armazón e cunha abertura en forma de funil nunha base e mais unha tapadeira para pechala na outra, que se emprega para a pesca de peixe e de marisco.

**nasada**
1. Contido dunha nasa. 2. Conxunto de nasas que se botan ao mar.

náutica **náutica**
Ciencia e arte de navegar.

navegar **navegar**
Andar unha embarcación pola auga, ou viaxar alguén nunha embarcación.

navegación **navegación**
1. Acción de navegar. 2. Conxunto de técnicas que permiten determinar o punto onde se atopa unha nave e establecer o camiño que ten que seguir para trasladarse a calquera outro punto da superficie do mar.

naviera **navieira**
Empresa propietaria de buques mercantes.

naviero **navieiro**
1. Propietario dun ou máis barcos. 2. Persoa que se encarga de representar un barco no porto onde se atopa.

navío **navío**
1. Barco de grandes dimensións, especialmente o que ten máis dunha cuberta. 2. Barco de guerra a vela, xeralmente con tres paus, con dúas baterías por banda e máis de 60 canóns.

nervio **nervio**
Cabos metálicos que van dun penol a outro dunha verga e que serve para asegurar a envergadura das velas.

neutro **neutro**
Un ángulo neutro é o que forma un temón que non empurra.

niveleta **nivel**
Instrumento que serve para comprobar a horizontalidade dunha superficie ou a súa diferenza de altura a respecto dun outro obxecto.

noray **bita**
Poste de madeira, pedra ou aceiro que está asegurado na cuberta dun barco ou nun peirao que se emprega para amarrar o cabo dunha áncora, unha cadea ou un cable, ou para os soltar máis lentamente cando fondea unha nave nun embarcadoiro.

núcleo **núcleo**
O núcleo dunha hélice é o corpo de revolución que leva o aloxamento para o eixo.

O

obediente **obediente**
Buque que obedece ben ao temón, en contraposición ao buque desobediente.

obencadura **obenques**
Conxunto de obenques de todos os paus.

obenque **obenque**
Cada un dos cabos, arames ou cables de aceiro que fixados á parte superior dun mastro e á amurada fai que o pau poida soportar os esforzos laterais.

obra **obra**
Parte en que está dividido o buque. **Obra morta:** parte do casco que está comprendida entre a liña de flotación e a borda, e todo o que está sobre esta. **Obra viva:** parte do casco dun buque comprendida entre a quilla e a liña de flotación.

obturadores de vapor **obturador**
Dispositivos que están destinados para evitar a fuga de vapor nunha máquina.

ojales **buratos**
Orificio que se practica neste caso nas chapas para as soldar polos bordos interiores destes aos membros do soporte.

ojo **ollo**
En xeral é o burato que presenta unha cousa por onde se introduce ou se pasa algo. **Ollo de boi:** fiestra ou claraboia de forma circular ou oval. **Ollo da áncora:** burato que se practica no extremo da cana para o pasador do arganeo.

oleoducto **oleoduto**
Condución de moita lonxitude que está destinado ao transporte a moita distancia do petróleo.

ollado **ollado**
Orificio do remo por onde se introduce o tolete ou a parte do remo que vai apoiada nel.

oreja **orella**
Cada unha das dúas pezas que constitúen a boca

dunha botavara ou dun pico.

orientar **orientar**
1. Dispor as velas parra que reciban o vento no ángulo máis vantaxoso para a propulsión.2. Determinar e marcar a dirección norte - sur para coñecer a posición da nave a respecto dos catro puntos cardinais.

orinque **orinque**
Cabo groso que por un extremo se amarra á cruz da áncora e que polo outro á boia que vai balizar.

ortodromía **ortodromía**
Ruta dunha embarcación que coincide coa ruta máis curta entre os seus puntos de partida e de chegada.

orza **orza**
1. Peza grande de ferro que nas embarcacións de pesca se coloca no fondo da carena, fai de contrapé e mellora a estabilidade da embarcación. 2. Peza grande que se coloca na quilla dalgunhas embarcacións de vela, especialmente nos iates de regatas, para facilitar o goberno xa que aumenta o plano da deriva.

orzar **orzar**
Navegar unha embarcación coa proa na dirección do vento.

oscilación **oscilación**
Movemento dun buque arredor dun eixo horizontal que pasa polo seu centro de gravidade.

osta **osta**
Cada un dos picos que se ata no pico dunha áurica para suxeitala nos arrandeos.

ostaga **ostaga**
Cabo groso que serve para izar ou arriar as vergas das gabias.

outrigger **outrigger**
Embarcación deportiva de remos.

paca **paca**
Calquera fardo que se embarca.

pailebot **pailebote**
Goleta sinxela de dous ou máis mastros, sen gabias, e exclusivamente con velas de coitelo.

pairo **pairo**
Manobra que ten por finalidade a detención dun veleiro, con toda a velame arriba, e que consiste en cazar algunhas velas á contra para que anulen a acción das demais.

pala **pa**
Expansión plana e ancha dun remo. Conxunto de pezas que forman a superficie do temón.

palada **pada**
Movemento que se fai cunha pa.

paleta **paleta**
Cada un dos elementos propulsores nunha hélice ou nun rotor que son fixados ao núcleo.

palma **palma**
Cartela inferior dunha caderna.

palmejar **palmexar**
Madeiro resistente, colocado en sentido lonxitudinal, que recobre a carcasa.

palos **paus**
Elementos de arboradura dun buque. macho, mastro, mastro pequeno, trinquete, maior, mesana, bauprés, triplo.

pana **pana**
1. Lugar dun barco pesqueiro situado na popa onde se garda as redes e o peixe. 2. Cortiza de forma cadrada que unida a outras serve para manter determinadas redes. 3. Cada unha das pezas de madeira que forman o piso dunha embarcación. **Pana de vogar:** soporte de madeira ou táboas levadizas que están situadas no panel de popa e que forman o piso dunha embarcación.

**panca**
Vara longa con que se moven embarcacións en lugares pouco profundos.

pandeo véxase **abaneo**

panel **panel**
Conxunto de táboas situadas de babor a estribor e que nas embarcacións de remos serven para sentarse aos que vogan.

pantalán véxase **peirao**

pantoque **pantoque**
Parte curva da quilla dun barco.

paño **pano, trapo**
Velame que se desprega dunha embarcación.

pañol **pañol**
Cada unha das divisións que se fan nun barco para gardar diversas cousas como víveres.

paquebote **paquebote**
1. Embarcación de vela semellante ao bergantín. 2. Barco correo e de pasaxeiros que se despraza mediante propulsión.

pasador **pasador**
Peza metálica corrediza dunha fechadura.

pasamanos **pasamán, varanda**
Barra de madeira o de ferro que se coloca ao longo dunha varanda e que serve de apoio.

pasarela **pasarela**
Ponte pequena e pouco estable que construe de xeito provisional para pasar un obstáculo.

pasteca **pasteca**
Polea que se emprega para izar as velas dunha embarcación.

patache **patache**
Barco de cabotaxe, pequeno, que se emprega no norte da península ibérica.

patilla **talón do codaste**
Parte que sobresae do codaste cara á popa.

pecio **pecio**
Depósito arqueolóxico, produto dun naufraxio.

pender **pender, pendurar**
Estar pendurado ou inclinado un buque ou calquera outra cousa.

pendura **pendura**
Quitar as trincas a unha áncora.

penol **penol**
1. Extremo dunha verga. 2. Parte máis delgada dun botaló.

peralto **peralto**
Altura dunha cousa desde a súa base.

pérdida **perda, fuga**
Saída dun líquido do seu continente por unha fenda.

perfil **perfil**
Barra metálica de aceiro ou de aluminio, de perfil especial e sección constante.

perico **perico**
Parte superior da proa que sobresae da embarcación cara arriba.

periodo **período**
